

DOMINGO 26 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Am 6, 1a. 4-7

Será extirpada a facción dos nugalláns

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE AMÓS

Di o Señor omnipotente:
"¡Malia os que viven no lecer en Sión,
os despreocupados no monte de Samaría!
déitanse en leitos de marfil,
vaguean nas súas camas,
xantando os carneiros do rabaño
e os xatos sacados da corte.

Cantarexan ao son da arpa
e, coma novos Davides, inventan instrumentos.

Beben viño nas grandes copas
e únense coa esencia dos perfumes,
mais a desfeita de Xosé non os deprime.

Por iso agora van partir para o exilio
á cabeza dos deportados,
pois rematou a esmorga dos nugalláns".
-Oráculo de Iavé, Deus dos Exércitos-.

SALMO RESPONSORIAL Sal 145, 7. 8-9a. 9bc-10

R/ (1b): Louva, alma miña, ao Señor

Ou: Aleluia

El garda por sempre a súa fidelidade:
faiilles xustiza aos oprimidos
e dálles pan aos famentos.
O Señor libra os cativos,

o Señor abre os ollos dos cegos,
o Señor endereita os dobrados,
o Señor ama os xustos.
O Señor protexe os forasteiros,

sostén os orfos e as viúvas,
extravía os camiños dos malvados.
Reine o Señor por sempre,
o teu Deus, Sión, polas xeracións.
Aleluia.

SEGUNDA 1 Tim 6, 11-16

Garda os mandamentos ata a chegada do Señor

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO A TIMOTEO**

Ti, home de Deus, fuxe desas cousas; procura a xustiza, a piedade verdadeira, a fe, a caridade, a paciencia e a mansedume. Loita na fermosa competición da fe, procura a vida eterna á que te chamaron e que confesaches de maneira brillante diante de moita xente. Mándocho ante Deus, que fai vivir todas as cousas, e ante Cristo Xesús, que con tan magnífica confesión deu testemuño ante Poncio Pilato: garda o mandamento, sen lixo e sen tacha, ata a manifestación gloriosa do Señor noso Xesús Cristo. No seu debido tempo amosarao o Deus bendito e único potente, Rei dos reis e Señor dos señores. O único que ten a inmortalidade e que habita nunha luz inaccesible. A El ningún home o viu nin o pode ver. A El a honra e o poder eterno. Amén.

ALELUIA 2 Cor 8, 9:

Xesús Cristo fíxose pobre, sendo rico, para que, coa súa pobreza, fosedes vós ricos

DOMINGO 26 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 16, 19-31

Ti recibiches bens e Lázaro males;

agora este é consolado, mentres que ti es atormentado

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela dilles Xesús aos fariseos:

Había un home rico que vestía roupa de púrpura e liño fino, e que celebraba todos os días espléndidos banquetes. Ao pé da súa porta xacía un pobre, chamado Lázaro, todo cuberto de chagas, que estaba desexando matar a fame co que caía da mesa do rico; e incluso os cans se achegaban a lle lambar as chagas.

Resulta que morreu o pobre, e levárono os anxos ao seo de Abraham. Morreu tamén o rico, e enterrárono. Estando no lugar dos mortos, no medio dos tormentos, erguendo os ollos viu a Abraham e máis a Lázaro no seu seo. Entón suplicoulle dicindo: "Ai, pai Abraham, ten dó de min; mándame a Lázaro para que molle o seu dedo na auga e refresque a miña lingua, porque me atormenta o lume". Pero Abraham contestoulle: "Fillo, recorda que ti recibiches bens na túa vida, mentres Lázaro recibiu males; agora el recibe consolo e ti tormento. Ademais, entre nós e vós hai un abismo insalvable; de xeito que desde aquí non se pode pasar onda vós, nin desde aí se pode vir onda nós". Entón el insistiu: "Suplícoche, pai Abraham, que o mandes a casa do meu pai, onde teño cinco irmáns, para que lles fale claramente e non veñan dar a este lugar de tormentos". Pero Abraham respondeulle: "Xa teñen a Moisés e os Profetas: que lles fagan caso a eles".

El volveu insistir: "Pero non llelo van facer, pai Abraham, non; se un morto vai onda eles, seguro que se converterán". Pero Abraham replicoulle: "Se a Moisés e máis aos profetas non lles fan caso, tampouco llo farán nin a un morto resucitado".